



Instrucción III/2009 da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela relativa ao calendario de festas, permisos e vacacións, do persoal contratado con cargo a programas, proxectos, contratos de investigación e estudos propios da USC..

O Estatuto Básico do Empregado Público, (Lei 7/2007 de 12 de abril), no seu artigo 48 e seguintes, ven a regulamentar determinados dereitos de forma conxunta para o persoal de réxime funcional e para o persoal laboral; dereitos que poden ser exercitados sen distinción de réxime dende a entrada en vigor do dito Estatuto.

O Convenio Colectivo do persoal de administración e servizos en vigor (DOG do 30/12/2008) prevé no seu artigo 3.2 a aplicación ao persoal contratado con cargo a programas, proxectos, contratos de investigación ou a estudos propios da Universidade ao que lle será de aplicación o regulamentado no título IX referido ao réxime de vacacións, permisos e licenzas.

Coa finalidade de que este persoal dependente da Universidade de Santiago de Compostela coñeza o calendario laboral e o réxime de permisos e vacacións correspondentes ao ano 2009, a Xerencia, unha vez informado polos órganos de representación do persoal, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 31 de xullo de 2007 (DOG do día 19 setembro), dispón:

Primeiro. Festas non recuperables na Comunidade Autónoma de Galicia

De conformidade co establecido no Decreto 192/2008, do 28 de agosto (DOG do día 8 de setembro), polo que se determina o calendario laboral para o ano 2009, as festas de carácter retribuído e non recuperables na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 serán as seguintes:

1 de xaneiro	Aninovo
6 de xaneiro	Día de Reis
19 de marzo	San Xosé
9 de abril	Xoves Santo
10 de a abril	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
25 de xullo	Día Nacional de Galicia, Santiago Apóstolo.
15 de agosto	A Asunción
12 de outubro	Día da Hispanidade

7 de decembro	Día da Constitución (traslado ao luns)
8 de decembro	Inmaculada
25 de decembro	Nadal

Segundo. Festas de ámbito local non recuperables

Segundo dispón a resolución da Dirección Xeral de Relacións Laborais do 7 de novembro de 2008 (DOG do día 17 de novembro), as festas de carácter local retribuídas e non recuperables, para o ano 2009 son:

Santiago de Compostela	24 de febreiro	Martes de Entroido
	21 de maio	A Ascensión
Lugo	24 de febreiro	Martes de Entroido
	5 de outubro	San Froilán

Terceiro. Días festivos universitarios

3.1 De carácter xeral para toda Universidade

Nas datas que a seguir se relacionan pecharán todos os servizos da Universidade, agás para o persoal contratado en réxime de xornada especial de fin de semana e festivos:

28 de xaneiro	Celebración da festividáde de San Tomé
Día da apertura de curso	
24 de decembro	Noiteboa
31 de decembro	Fin de ano

3.2 Festivos dos Centros

Así mesmo serán festivos os días dos patróns dos Centros Universitarios aprobados polo Consello de Goberno no Calendario Académico de cada Curso.

Cuarto. Días de asuntos particulares

4.1. Réxime Xeral

Ao longo do ano poderán gozarse os días de permiso por asuntos particulares que se especifican a continuación.

Persoal destinado en Centros Universitarios que celebren a festividade do seu patrón	9 días
Persoal adscrito a outras unidades que non celebren a festividade do seu patrón	10 días

4.2 Réxime dos días de asuntos particulares

O período de devengo e goce será o ano natural. Se por necesidades de servizo non se fai uso da totalidade do mencionado permiso ao longo do ano, poderá concederse ata o límite máximo do día 15 de xaneiro de 2010.

O número de días que corresponden ao persoal ao que se refire esta instrucción, será proporcional ao tempo de servizos efectivos durante o ano natural.

En ningún caso terán a consideración de vacacións e, polo tanto, non poderán acumularse ás vacacións anuais retribuídas.

O persoal poderá distribuír os ditos días a súa conveniencia, previa autorización dos directores do centro de gasto ao que estea vinculada a partida orzamentaria correspondente.

Quinto. Vacacións anuais

5.1 Período de vacacións

As vacacións anuais poderán gozarse ao longo do ano natural e segundo a programación nas súas unidades. En supostos excepcionais poderán alongarse ata o día 15 do mes de xaneiro do 2010.

Cando por razóns organizativas ou técnicas, a Xerencia acorde o peche temporal dun centro ou instalación, procurarase que o persoal ali destinado, gocen do período de vacacións que lles poida corresponder, durante o tempo que permaneza pechado o centro de traballo.

5.2. Tempo de Vacacións

As vacacións anuais, serán dun mes natural ou de vinte e dous días hábiles por ano completo de servizo ou en forma proporcional ao tempo de servizos efectivos. Para estes efectos non se considerarán como días hábiles os sábados.

Poderán gozarse a solicitude do persoal ao longo de todo o ano, en períodos míñimos de cinco días hábiles consecutivos, ata completar 22 días hábiles anuais, ou de sete días naturais consecutivos ata completar 30 días naturais anuais.

O persoal terá dereito ao goce de días hábiles adicionais ás vacacións, segundo os anos de servizo prestados que a seguir se especifican:

Por 15 anos de servizo	1 día adicional
Por 20 anos de servizo	2 días adicionais
Por 25 anos de servizo	3 días adicionais
Por 30 anos de servizo	4 días adicionais

Estedereito farase efectivo a partir do ano natural seguinte ao de cumprimento dos anos de servizo sinalados anteriormente.

5.3. Programación das vacacións

Antes do 15 de maio de 2009, os directores de programas, proxectos, contratos de investigación ou estudos propios da Universidade con persoal contratado con cargo a eles, enviarán a Xerencia a correspondente proposta de vacacións.

5.4. Elección do período vacacional

As quendas de vacacións elixiranse consonte a seguinte orde de preferencia:

Recoñecese o dereito á elección do período de vacacións a favor das mulleres xestantes, podendo mesmo elixilo dentro do ano seguinte ao devengo do dereito as vacacións se o seu aproveitamento se realiza inmediatamente despois do uso da licenza de maternidade.

Os traballadores e traballadoras con fillos menores de doce anos ou maiores dependentes terán preferencia de elección de vacacións, unha vez que as traballadoras xestantes fixeran a súa elección.

Para os demás traballadores o dereito a elixir quenda de vacacións será rotatorio agás acordo entre os traballadores afectados. Terá preferencia na primeira ocasión o traballador máis antigo.

5.5. Acumulación de permisos e períodos de incapacidade temporal a vacacións

Os permisos de maternidade, adopción, acollemento, paternidade e lactancia, así como os períodos de incapacidade temporal derivados do embarazo, poderán acumularse ao período de vacacións incluso despois do remate do ano natural ao que aquelas correspondan.

5.6. Interrupción do período de vacacións

Cando o período de vacacións coincida cunha incapacidade temporal derivada de embarazo, baixa por maternidade, permiso de parto, permiso de paternidade ou o período de acumulación de lactancia, a traballadora ou o traballador terá dereito a gozar as vacacións noutro período de tempo a continuación da finalización das anteriores situacións.

Noutros supostos, cando as vacacións estiveran programadas e o traballador non puidese gozar delas por incapacidade temporal iniciada antes do seu comienzo, poderá disfrutarlas fóra do período previsto e como máximo ata o 15 de xaneiro do ano seguinte. Se fora o caso de que a incapacidade temporal se producira no transcurso das vacacione s e se prolongara por quince ou máis días, suspenderase o goce das que lle restaran por disfrutar, podendo gozalas como máximo, ata o 15 de xaneiro do ano seguinte segundo as necesidades do servizo.

5.7. Período para o cálculo dos días de vacacións

Os traballadores e traballadoras terán dereito, por ano completo de servizos, a gozar dunha vacación retribuída dun mes natural ou de vinte dous días hábiles anuais, ou aos días que lle correspondan proporcionalmente ao tempo de servizos prestados.

Aos efectos de determinar o período computable para o cálculo dos días de vacacións anuais, se computarán como servizos efectivos as ausencias do traballo por motivos independentes da vontade do persoal, tales como enfermidade, accidente ou maternidade, así como aquellas derivadas do aproveitamento dos permisos e licencias recollidos nos artigos 74, (agás o disposto no seu apartado 3, licenza sen retribución); e 76 da Lei da Función Pública de Galicia.

Sexto. Tramitación das vacacións.

Antes do 15 de maio os directores de programas, proxectos, contratos de investigación ou estudos propios da Universidade con persoal contratado con

cargo a eles, deberán enviar á xerencia a proposta de vacacións do persoal ao seu cargo.

Sétimo. Solicitudes e comunicacións

As solicitudes de permisos, licencias e vacacións deberán realizarse no modelo do Anexo I á presente Instrucción.

Os directores de programas, proxectos, contratos de investigación ou estudos propios da Universidade, deberán remitir a Xerencia o plan de vacacións anual do persoal no modelo do Anexo II a presente Instrucción.

Oitavo. Norma derradeira

Calquera modificación do regulamentado nesta instrucción requirirá a previa autorización do Xerente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2009

O xerente,

Pedro García Moreno